

DOCUMENTO TÉCNICO

(Galego)

DEPORTES ALTERNATIVOS PARA 3º E 4º DE ESO

(Para o ensino da materia de Educación Física)



María del Carmen García Fernández

Manuel Mato Landeira



Requisitos:

Para a execución desta Unidade Didáctica unicamente é necesario un dispositivo cun **navegador web** como Mozilla Firefox, Google Chrome ou Internet Explorer (foi nos tres navegadores onde testamos o correcto funcionamento da Unidade).

Ter unha **boa conexión a Internet** será importante para poder ver con fluidez o abundante material multimedia presente na Unidade Didáctica. Todos os hipervínculos externos abren nunha **nova xanela**.

Tamén será necesario para executar algunhas actividades dispoñer de **dispositivos de saída de audio** (recomendable dispoñer de cascos).



Instalación e posta en marcha

As Unidades Didácticas están realizadas utilizando eXeLearning (versión 2.6) que é unha ferramenta de código aberto que facilita a creación de contidos educativos sen necesidade de ser un experto. A flexibilidade de eXeLearning fai que tanto reproducir os seus contidos en local como na web sexa un proceso sinxelo. Permite a exportación a HTML, HTML5, SCORM1.2, IMS ou outros formatos e publicar na Rede, Moodle (na aula virtual do teu centro), etc.

[Aqui tes un enlace ao tutorial de eXeLearning](#) (Versión 2.1 porque a día de hoxe aínda non está dispoñible o manual da versión 2.6. Non atoparás moitas diferenzas entre as dúas versións) Neste manual atoparás información sobre a instalación nos diferentes sistemas operativos (GNU Linux, Windows e MacOS), entorno de traballo, etc. Tamén atoparemos información de como compartir os contidos.

Os autores desta Unidade Didáctica tamén a facilitamos exportada como **sitio Web** nun **arquivo comprimido ZIP**. Os pasos para poder ver os contidos serían:

1. **Descomprimos** o ficheiro .zip da Unidade a un cartafol.
2. Mediante o **explorador de arquivos** do noso ordenador imos ao cartafol creado e facemos dobre clic no arquivo “**index.html**”.
3. Abrirase o navegador web por defecto do noso equipo e mostrará os contidos.

Deste xeito tamén poderemos visualizar e traballar as Unidades Didácticas utilizando dispositivos Android (tablets ou smartphones).

Se compartimos este cartafol co noso alumnado, estes poderán reproducir os contidos seguindo os mesmos pasos e sen necesidade de estar conectados á Rede.



No seguinte enlace tes un vídeo explicativo de como incorporar os contidos exportados en HTML á nosa aula virtual (Moodle) .



Os pasos a seguir son moi sinxelos:

- Creamos (ou falamos co administrador da Aula Virtual) un curso ou seleccionamos un onde queiramos incorporar os contidos.
- Imos a [engadir un recurso](#) ao noso curso Moodle e eliximos [Ficheiro](#).
- Seleccionamos o cartafol comprimido (.zip) do contido que queremos incorporar, e procedemos a [descomprimilo](#).
- Localizamos o arquivo [index.html](#) e prememos no botón “Configurar o ficheiro principal”.
- [Gardamos os cambios](#) e xa podemos empezar a usar a Unidade Didáctica.